


N.º 128-29

Tomo 11

**nós**



CATLAC



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario  
Vicente Risco

Direitor Artístico  
Alfonso R. Castelao

Administrador  
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

|                            |               |
|----------------------------|---------------|
| Doce números, na Península | 6'00 pesetas. |
| Fora da Península          | 8'00 .        |
| Número solto               | 0'70 .        |

NOTA

†  
*Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

DON SALVADOR CABEZA DE LEÓN. †  
NOTIZA E VOS DA VIDA FONDA, por XOHÁN LUÍS RAMOS.  
OCCITANIA E ATLÁNTIDA, por RAMÓN OTERO PEDRAYO.  
DERRUMBAMENTO, por LUÍS MANTEIGA.  
MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.  
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ★ Ourense Agosto - Setembro de 1934 ★ Núm. 128 - 129

## DON SALVADOR CABEZA DE LEÓN

Tíñan outro ulido as primadeiras, resoaban as cántigas encol da campá con máis ledo són.

Un grande pobo cuase inédito durmía na soma verde das carballeiras.

Cada pedra de Sant-Iago era fonte nova de alboradeiro deitar, pros que chegaban co beizo sedento, os versos dos poetas nacían mollados de bágoas entusiastas.

D. Salvador vivíu no longo solpor do Romantismo, e d'aquila ficoulle o grande xesto liberal da verba ceibadora e a confianza na bondade orixinaria dos homes.

Aquila Galiza dos Precursores e dos post-precursores ofrecíase como a Polonia aos ensonos de Adám Mickiewicz, como a Grecia ós voluntarios de Byron: a fermosa dona apreixada pol-ós nós da serpe, e coidaban fulminar ca lanza de lús da verba a cabeza fedenta do dragón.

Laiáronse moito, cecáis foron máis ditosos que nós. ¿Quén lles tolle o disfroite das primeiras fronte ergueitas, dos primeiros curazóns limpos?

Entón a Economía non tiña rubido da dispensa á biblioteca, nin se tiña sentado no salón dos retratos antergos e dos degaros adolescentes.

D. Salvador tiña a limpidez dos ollos propia dos criados na fé de non ser o dereito unha fermosa Utopía. ¡Que inocentes os materialistas co seu sobrecello estilo Wirchow, que ben emparexaban baixo as frondas, dialogando, o teólogo criado en Sanseverino e o xurista afeito con Savigny a sentir o dereito como canto épico dos pobos!

Cando escuítamos a derradeira leición de D. Salvador no Paraninfo da Universidade, coidabamos asistir á vella Sorbona animada pol-a verba de Michelet sabéndose escoitada por total-as minorías escolleitas do tempo. Co ela pechaba un vivir enteiro adicado a erguer dende a cadeira as esenzas máis puras da concenza ca mesma fé do primeiro tremor inaugural.

Pra nós D. Salvador foi a Universidade galega no tempo longo da loita

contra o sentido adiministrativo, contra o fito da carreira matando a formación delicada e guiadora da frol da mocidade. Por iso a nosa door sabémola conxunta ca door non eispresada de moitas xentes que agora en Bergantiños, en Lemos, no Ribeiro, en calquer recanto ou vila da Galiza, ou aos ordeados na roita de un escalafón, gardan con as milloras lembranzas da mocidade, a emozón das leizós de Dereito Internazonal, aqueles ensaios de Sociedade Universal destinada a domear as duras apetenzas da forza e do imperialismo, a espranza liberal alomeando os hourizontes aínda escurecidos pol-as estroituras da Sta. Alianza, e sobretudo, un conceito de Europa.

Moito deberon sufrir os homes do estilo de D. Salvador cos primeiros cañonazos de 1914. A Europa morría na vergonza da claudicación que o espírito de xustiza non perdoa. Xa non sería espello e fito pras outras familias da humanidade.

Mais outra fé irmá animaba o espírito de D. Salvador. A fé na Galiza inmorrente. Il coneceu a emozón inícial da descuberta do roteiro. Cando baixaba á Mariña a «marea viva petaba nas Torres» do Oeste ca dura fadalidade d'unha serán de Rosalía. Cando vagaba pol-os camiños que procurou o Tambre, esmaltados pol-a severa primadeira dos érmos, vibraban nos ceus as arelanzas poderosas e lonxaas do Bardo da Ponteceso.

Endexamáis desertou do posto de honra da falanxe de ferro, pol-a morte cada día estreitada, na agarda da xuventude. E isa xuventude naceu, e froleceu, e avencellando de amor e agradecimento ao vello méstre, díulle o trunfo merescido.

D. Salvador erguendo a vos rexa e moza ao remate dos mítins galeguistas, D. Salvador presidindo as xuntanzas dos traballos do Seminario de Estudos Galegos, foi a exemplaridade dos Precursores guiando aos bóns e xenerosos ao conquerimento da Galiza pormetida. ¡Ditoso e belido destino!.

Non queremos n-ista lembranza entrar no estudo da forte i-escolleita labourea de D. Salvador. Poeta de fidalga genealogía, historiador evocador ao estilo dos Thierry, prosista de párrafo ondeado como o mar vibradoiro cos ventos do espírito, centífico da escola non hipotecada nos compromisos ca vulgaridade, e outra arte non crasificada nas teorías dos xéneros literarios: conversador de outa e fina sementeira. Nós soio queremos sinalar ista impresión que como badelar de lembranza, éñchenos ao entrar no sagro ámbito de Compostela: xa non é a mesma cibdade nin a mesma legría. Falla o sorrir bó, e a aperta optimista. Falla o consello de D. Salvador, a súa legría de petrucio non saúda a nosa chegada. E sabemos os redatores de NÓS non ser impresión de un intre fuxitivo, pois como bóns galeguistas descoñecemos o esquecemento. Mais tamén como bóns galeguistas hemos sabere gardar a lembranza do Méstre, sentilo acarón de nosoutros cada hora, e

loitar, ledamente, como ii loitou pra faguer á Galiza soñada baixo o mesmo signo de emozón pol-os románticos de onte, e pol-os mozos de hoxe.

## A V I D A

A vida de Don Salvador Cabeza de León estivo de cote adicada á vida universitaria.

Distingueuse sendo estudante, coma sendo o millor alumno de escola compostelá, merecendo por elo ser condecorado pol-o Goberno, en 1882, co-a Cruz de «Isabel la Católica».

En 1887, o Claustro de Santiago nomeouno Profesor auxiliar da Facultade de Dereito, desempeñando principalmente a cadeira de Dereito Internacional e a de Dereito Mercantil.

Por entón, figurou no movemento rexionalista, a carón e baixo a conduta d'Alfredo Brañas, a quen sigueu con entusiasmo. Apagado aquil movemento, Cabeza de León gardou sempre a mesma convicción e o mesmo sentimento, embora non figurara nunca en primeiro termo na políteca, á que semella ter tido pouca afeizón.

En 1903 obtivo a cadeira de Internacional por oposición.

En 1918 foi eleito pra Decano da Facultade, no que foi despóis confirmado e qu'ocupou deica á sua morte.

En 1919 encarregouse tamén da cadeira de Dereito Canónico.

Foi mantedor do Certame Histórico orgaizado pol-o Concello Compostelán en 1909, co gallo do Centenario da guerra da Independenza; do Certame da Virtude e do Traballo tido en 1923 no Ferrol en honra do Marqués d'Amboaxe, i-en 1924, da Festa da Língua Galega, orgaizada pol-a Liga d'Amigos de Santiago.

Pertenceu dend'a sua fundación á Academia Galega, e igualmente ao Seminario de Estudos Galegos, no que estivo ao frente da Seizón de Historia, sendo elexido Presidente do Seminario en 1926.

Pertencia, ademáis, ao Instituto Histórico do Minho de Viana do Castelo, á Sociedade Martíns Sarmiento, de Guimarães, e era correspondente da Academia da Historia, de Madrí, dende 1918, da Española dende 1927, e da de Belas Artes de Madrí.

Foi tamén Concellal de Santiago en 1905, e Alcalde en 1911; Segretario da Sociedade Económica d'Amigos do País compostelá, e despóis Arquivo da mesma; Presidente da Liga d'Amigos de Santiago, e da Comisión redactora do Estatuto Autonómico de Galiza, que foi aprobado pol-a Asambléa de Concellos.

No curso de 1933-34, tocoulle a xubilación. Pra escoital-a sua lección

derradeira—dada no Paraninfo da Universidade Compostelá, por non coller a xente na aula ond'il espricaba—acodiron as mais notabres persoalidades da intelectualidade galega, qu'aquíl día congregouse ao seu redor. Cabeza de León espricou alí unha fermosa síntese dos seus estudos e opinións en col do Tribunal Internacional de la Haya.

Non embargante, instado pol-a Facultade, sigueu espricando a sua cadeira vountariamente deica fin de curso. A sua leición derradeira efeitiva, dada o día 20 de maio d'iste ano, tivo un final emocionante co-a despedida que lle fixeron os seus alumnos. Amañecendo o día seguinte, faleceu de súpeto Don Salvador. O seu enterro foi unha imponente manifestación.

## A O B R A

Don Salvador Cabeza de León foi poeta nos seus anos mozos. Os seus escritos poéticos están recollidos no libro PRIMICIAS pubricado na soada Biblioteca Gallega de Martínez Salazar.

O resto da sua obra pódese clasificar en dúas seizóns: estudos xurídicos e estudos históricos.

Antr'os estudos xurídicos podemos mentar os seguintes:

ALGUNAS IDEAS DE SAAVEDRA FAJARDO REFERENTES AL DERECHO INTERNACIONAL.

EL SISTEMA DE LA PERSONALIDAD DEL DERECHO.

DICTAMEN acerca del funcionamiento de la Dotación Carnegie para el mantenimiento de la paz.

RESPOSTA ao inquérito do JOURNAL DES NATIONS de Ginebra en col do problema do desarme.

Colaboración no Estatuto Galego.

Antre os estudos históricos:

NOTAS SOBRE LA DISCIPLINA ESCOLAR EN LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DURANTE LOS SIGLOS XVI, XVII Y XVIII.

FUNDACIÓN BENÉFICA RAMÓN PLÁ.

EL MOMENTO ACTUAL DE ESPAÑA.

UN EPISODIO DE LA VIDA ACADÉMICA DE D. DOMINGO FONTÁN.

O CONDE DE MONTERREY E A UNIVERSIDADE DE SANT'IAGO.

A INSINANZA DO DEREITO ROMÁN NA UNIVERSIDADE DE SANT-IAGO HASTRA O PLAN DE ESTUDOS DE 1772.

NOTAS DE UN PREITO SOBRE APROVEITAMENTO DE UNHA BALEA.

Compre faguer notar que o mais da obra de D. Salvador Cabeza anda espallado en xornais, revistas e boletís técnicos, sen falar dos seus discursos, dos que tivo moitos notabres, pois tivo merecida sona d'orador.

## NOTIZA E VOS DA VIDA FONDA

Ven en silenzos abertos como feridas  
n'isa hora cangada de esaititudes inuties  
en que o vó d'un áa é cruz e soma eterna.

Acorada a serán, sulagado o ceo,  
cando afogado todo n'unha chaira,  
pol-os ollos densos, de verdor nocturno.

Por total-as firgoas que abriron nos espellos  
os sonos.

Nas regueiras de lus parada e marbre.  
E n'isa liña atenta que separa ao tempo  
dos ríos i-os azues.

N'un ár esquencido da sua astronomía  
de soles e dégaros.

Nos corpos que axuntaron pombas  
coa presa inútil, pol-os brazos nuos,  
de faguer mais novos os adeuses.

E no calado durmir das veas  
acougadas no relenzo absorbente da sua vos quente,  
e nos pulsos apretados pol-a tensión  
das suas mans mais axiles.

Ven non se sabe si ausente, fría,  
absorta na deleixada corrente. Pero pura  
e nada no tempo luminoso antes do sono  
iñorante do opaco dos diamantes.

Nas mans que acenan crabadas no lombo do hourizonte  
pol-a fría lus morta da fría escuridade.

Non queda xa aquel filo d'ausenza da rapaza enferma  
na estría do vento longo que inventaron as águias.  
Pero hai que ter os ollos escondidos no vento  
i-esquencer o degaro—teupa pol-a crara vea azul  
que biquei na noiva loira—  
de chegar en apertas de ríos e camiños  
a total ausenza.

## II

Pero chegar agora.  
Voltar ao mais antigo dos silenzos  
aquele silenzo que abriron as infantíes bágoas  
i-as primeiras olladas que atoparon a noite.

No reverso velado da mesma adolescencia  
desordeadas as mans en brancos ocos de preguntas  
afundirse na vida remota  
c'un degaro novo de encherse de música.

Na crara fondura onde as somas lentas  
apéganse na carne con silenzo de vidros.  
No mundo en que as cousas perderon o volumen  
pero son como os ríos transparentes e ceibes  
i-unha plenitude de lus que reborda nas cousas abertas.

Afundirse nas apretadas voces que furaron as neboas  
mais alá das rafces tentaculares das illas  
pra chegar as amantes craridades  
onde fluíe na carne a íntima nudeza das fontes  
i-a seiba bébeda dos verdes xigantescos  
e tamén a melancónica sangue dos corzos  
esmadfos de perfil na lua.

Un sol na lesta amabel como un chiscar de ollos  
—a rapaza loira a rir nas escumas—  
pol-o seu corpo de amendofña.

I-estender c'unha ollada o ceo comprensibel  
e levalo xogando até as praias na onda  
co limpo orgulo de enfoutar n'un espello  
o azul abstraído i-as mareias.  
Porque cando esquencido todo nacen xogos iñorados.

XOHAN LUIS RAMOS.



# OCCITANIA E ATLÁNTIDA

## MOTIVOS

POR RAMÓN OTERO PEDRAYO

### O CEMITERIO MARIÑO

Ise ulido dos piñeiros e da mar do Sul. Pecado, mística, cánon, beleza, ou cecáis pra algúns sempre pedagogía. Cada cultura, como cada espírito fáise unha representación diversa e conforme a unha particular intuición máis ou menos ordeada pol-a lembranza de un prestixio escolástico. Son inxustos os nórdicos, que o enxergan de calquera de istes dous xeitos: xardín de repouso, ou ximnástica das facultás artísticas. Hai outra chamada máis fonda: a das Pátrias.

Seus fillos demoráronse moito en sabelo. Tiñan a vaga e ditosa inquietude. Fortecíanse co recordo da exemplaridade crásica. Estilo espartano, graza ateniense, urbanismo alexandrino. Paisaxe armoñosa ou paisaxe heroica. Tivo de ser un poeta quen fixera bogar con vento de seu a nau da Occitania. E pasou Mistral pol-o século dazanove moito como o homérica descuberto por Lamartine, pro moito máis como aquil San Honorato que ao coller terra na illa de Lerius faguendo a sinal da crus, matou todas as serpes sibilantes.

A fala, apenas un ecoar apegado como folla mucha contra o vento da fala eistrana nos beizos do pobo, rexurdindo no canto de Mistral espertou a dinidade de beleza e intenzón criadora e a Proenza coñeceu a espranza. De aquela todos os escritores franceses nados no sul viven ca saudade ou o remordimento de unha língoa. Por non ser

provinciás escriben en francés. Mais tras da frase con somas de encina arxentanse as uliveiras de Arlés ou os illós da Camarque.

Paul Valéry, sumo supracartesiano, matemático degaroso do abstracto, estilador de clasicismos e modernidás pra chegar ao nacemento da idea pura non podería negar a súa pátria. Non ten fé na paisaxe, nin na historia. Leede con coidado o cántico das columnas, ou o Narciso, ou ise *Cimetière marin* de simbolismo comentado pol-os filósofos germánicos coma un texto talmúdico. A Occitania brila nos espazos medidos pol-os fustes, nas pombas do cemiterio, no vento de arumes carregado que peneira a sebe dos versos. Un cemiterio albo e azul, salgado i enxoito, inteleitoal e categórico, con formas esculturadas un intre —no aire, no són, no silencio, no follax— de estilos heroicos e arelanzas de craridade. Paul Valéry un felibre. Non semelle eistrano. Tamén Leconte de Lisle foi un bardo.

Os Alpes vanse esvaecendo nos Alpillles que asegún o Dante ofrecen ao lonxe o perfil de unha fiada de tumbas. Dí León Daudet: «La Provence est un pays dédié aux morts, un cimetière que le vent embaume». Na derradeira frase hai unha idea do Cimetière de Valéry. Eiquí ao igual que n-outros aspectos sería fermoso o contraste do cemiterio occitanico co atlántico. Tería de faguero un artista razoador de intuicións, sen pechar o razoamento. Cecáis poidera ser seu comentario —despóis de un sosegado comercio cos mortos— o desenrolo de iste xuízo

sinxelo: cemiterio branco, cemiterio verde.  
Pó e torrón. Hoso i-humus.

### AS MEDITERRÁNEAS

Como as Atlántidas cinguidas pol-a mar.  
Un crásico diría sereas e sucermáids. Mais  
logo falaremos de Dante Gabriel Rossetti.

Illas e costas. Si as Mediterráneas — as  
Occitánicas — viven en difrentes tempos o  
seu espírito diverso i armoñoso, é pol o amor  
da mar que as desartella e cingue pra millor  
amalas. Coma nas Atlánticas, os Faros  
mándanse saúdos fraternos. I-o rol das uvas  
e das oliveiras compara e contrasta. Rubindo  
a repelo os montes e os vals o acento  
occitánico vai espertando do sono provincial  
—ou departamental— as comarcas interiores  
que hastra fai pouco soio se ceibaban  
de París pol-a arqueoloxía e xa hoxe nacen  
novamente pr'a poesía.

Toda aspiración da Pátria do espírito siñifica  
un termo pra conquistar. As Pátrias mediterráneas  
ordeanse en tres mundos conforme ao decorrer do sol,  
das culturas e da liberazón apostólica pol-a verba do Evan-  
xeo. Un Ourente, un intre equilibrado ou  
esfericidade raiolante entre a ameaza do  
continente Asiático i a témera prehistoria  
da Europa: a Grecia clásica esprenza da intelixen-  
za nova, esportiva e levián naméntres se  
mantivo un infrachán instintivo. Exemplo i-  
escola necesaria, xa fora do tempo, intem-  
poral coma o teorema. Un eixe italián, Roma,  
ordeador do mundo elíptico, águia de peito  
de vontade. Unha Occitania términus e  
inicio con chamada do estreito de Ercoles.  
Baixo o latinismo as pátrias da Occitania  
—Iberos, Lygures— gardaron as  
suas caracteristas particulares, fortalecidas  
na defensa contra as creacións políticas  
imperialistas das Gallias e da Iberia. Do  
latinismo a forma da cultura na cibdade.  
Do prelatinismo as esenzas prehistóricas da  
campia.

### ARISTARQUEA

Barrés quixo un acougo e mercou un  
castelo na Proenza. Na Francia aínda a  
Literatura daba pra mercar castelos. Escolleuno

de ilustre e trubada sona: o castelo de Mira-  
beau. Rocas enxoitas e piñeiros ulentes.  
Sendeiros privados do misterio dos líquens,  
barbas brancas dos antigos arboredos. Ceu  
lunioso na unánime dispersión azul. Fadi-  
garonse os ollos do lorenés, non acougaba  
no sonoro cristal categórico, deixou a Proen-  
za pol-os lindeiros neboentos do bosque  
druidico. Precisaba Barrés bruido de follas  
muchas pra camiñar. No sul soio dispuxo  
de follas de lembranza no porto de Aigues-  
Mortes, como Rodas, ou Malta gótica door  
de Cruzada. Pra o cristiano do norde (non  
n-iste aspeito Barrés) a Gesta Dei das Cru-  
zadas ten de ofrecer angustias de «Via  
Doorosa». «Jardin de Berenice» en diálogo  
co outro xardín tamén cruzado e gótico de  
Barrés: o «Jardin sur l'Orontes».

Verlaine, Tristán Corbière, Huysmans,  
desprezaron o sul. Homes loiros, engaiola-  
dos nas alboradas molladas, ca malenconía  
da tribu perdida na nazon, por iso bohemios  
do bosque nórdico da grande vila. ¿Non será  
certo que a bohemia dos artistas soio tén  
sentido nas urbes de longas noites xiadas?  
Baroja non ama ao mar latino. Pénsao figu-  
ra retórica, lago de fenicios, naumaquia de  
entroidadas. Mais un nórdico, Chateau-  
briand, descubriu a Occitania na chamada  
de un derradeiro amor. Aquil pasaxe das  
Memorias de Alem-Coba — a mocíña ás  
beiras da frieira pirenaica na paz pastoral  
e o acento da terra nas falas— débese com-  
parar ca publicación de Mireya cantada en  
Lamartine. Dous meirandes románticos do  
Norde. Aínda o Jura é norde apesares dos  
ácios borgoñóns que aínda hoxe os viñado-  
res adican á lembranza do poeta —baptis-  
maron a Occitania, un pol o amor do poente  
sentimental, outro pol a veridazón da bele-  
za poética. Misterio ligur vestido de graza  
grega como o albre de ácios, en Virxilio,  
a Proenza. O ligurismo é traballo do agro  
e da mar, pastores na Camarque e nos Al-  
pes, todo a decorazón de égloga deica á  
chegada da Verba apostólica. Non tendes  
pensado de que xeito o cristianismo, por  
orixen e fin, universal, foi o grande espe-  
tador de nazonalidás prestando dinidade á  
aldeia e o seu traballo, ao peirao homilde,  
espaventando as ninfas e inzando as cruces.

A liña lygur vai pol-a tradizón cristiã e o románico dos camiños de Sant-Iago a cantar na uliveira de Mistral.

E a graza grega está n-un releve do Museu de Marsella cuio significado esprica un pasaxe de Strabon. Unha sacerdotisa levando nos brazos unha estatuíña rube a unha nau xa tripulada por mariñeiros e pronta a bogar. Son os efesios saíndo a inzar colonias e portando a deusa. Artemisa ou Diana non sacrificaría n-isas ribeiras a ningún estranxeiro. Graza grega sempre vivente baixo a forza romana. Graza de poema dos xéneros menores.

Cada pátria ten o seu modo de interpretar ou seguir a leición do pasado. Fica, non a maneira de Cicerón repetida en todol-os manúas. Na forma de atacar os problemas. aN Occitania como método de craridade, alonxando os monstros, cantando a maxinación criadora, e como elexía ben difrente das formas líricas da saudade.

#### UN «LIMES»

Alicante figura ser o marco Sul da Occitania, correspondendo en certa maneira ao Algarbe lusitán. A pequena catredal de Orihuela pode ser irmã das basilicas da Gallia Occitana do centro montesio francés. Diante a veciñanza da outanería altrenada con fadabilidade abencerraje de Granada garda o acento de Alicante e o vivir e o traballo seu sentido craro e latino. Entre todas as Terras ibéricas ten hoxe Alicante a sorte de ser tratada por finos letrados. Azorín, Gabriel Miró, Valéry-Larbaud. Sería intresante e suxerente —pódia que se teña feito, non-o sei— afastar nas páxinas de Azorín as ispiradas pol-a terra e a psicoloxía alicantina. Bule n-elas unha legría, que non teñen as páxinas murcianas onde se adensa a tristeza dos pobos e o roxo torrón fadalista no solpor. Tamén Azorín aínda sen decilo sinte máis como capidal a Valencia que non a Murcia. En Miró un luxo, unha riqueza de sentimento cecáis doorida sen o dicir pol-a desmasia da lus mediterránea. Valéry-Larbaud semella o artista namorado do azul. Engaiolouno de neno na súa terra de «Alleu». Pro seu azul non ten rén co berro victorio-

huguesco, e máis relazón ca saudade de Mallarmé: «De l'éternel azur la supreme ironie». Soio que co signo contrario. En Alicante Valéry non procura un fondo de mar pra esmaltare a decramación da Odisea, que fan todos os bós bacheleres franceses. Sabe no pequeno pobo durmir a sesta na onda priguizosa de un estilo de vida, de leviáns esenzas Occitánicas, esmorecendo diante o negativo argumento africano.

#### GYMNESIAS E PYTHIUSAS

Non poderían roldar na rolda das Cicladas. Non ten morto n-elas ningún deus con pranto de escumas e armoñosos salaios de solpor, nin foron berce de númenes. Os deuses non nasceron nin morren da Sicilia pr'acó. As Baleares como o Roselló, a Cataluña, toda a Occitania —cerne ou aureola— espertan co cristianismo, despoixa de se ter afirmado ca lei romã. Granados das Gymnesias, pinales das Pythiusas, frol na roca branca, dozura de oásis, no deserto salgado. Soio falaron ca verba mística e sintética de Ramón Llull. Dinantes foron imperio. En Miguel Costa e Llovera os ámplos versos clásicos abrangueron a valentia do piñeiro e a lei latina.

Compárese o laio de dúas elexías simétricas: a «Canción a las ruinas de Itálica» e o Teatro romano de Pollensa, Rodrigo Caro e Costa e Llovera. Mais fadal a desespranza do andaluz, pois foi a Bética, Tariessos, e devalou n-ela a mareia africana. Un pouco de espírito grego, volátil, gracioso, salva con certa aparencia de saudade a malencolía da roína balear. E o vento na frouma do piñeiro de Formentor brua un «andante» romántico.

Da outra banda de Iberia o canto étnico dos piñeirais pondalianos. Tamén o bardo da Ponteceso tiña gostado da madrugueira poesía dos gregos, mais non parés ser un latinista como Costa. Fica en Pondal un austero amor ao tipo lacedemonio e aos herois da Liberdade.

Un tema cheo de motivos: o helenismo na Céltiga. Sen dare a verba o sentido coutado que foi —e aínda será— corrente na Germánia sobretudo nas letras do tempo da forma-

zón do impero dos Hohenzollern. Entón helenismo foi macedonismo pol-a vontade e Grecia por decorados e luxos ben desemeillantes dos de Luís de Bavaria.

## OS DOUS OUCIDENTES: :: SAUDADE, DESTIÑO

Ocidente, cultura atlántica, fáustica, Europa «aux grands yeux» de Cheunevière, un esquencido. Non se deben misturar as perspectivas. Nesta arela de atopar unha paz na lei das culturas, de dibuxar coores no mapa, hai de andare con tento. Pra un asiático abonda un Oucidente, e pode dicir: o dominio da xesta como hai un Oirente en grande parte semellante dominio do bambú. Cada día é máis certa a Mittel Europa na perspectiva e na aitoalidade. Cada día son máis certas as «cliseries» dos espíritos dos pobos aínda no ámpito das rehas unidas de cultura. Hai istos estaxes na Holanda, na Bélxica, na Francia, na Britania, na Hespania, no Portugal. Poucas esenzas puras ao estilo de Irlanda. Por iso sufríu moito. Por iso ganso todo.

¿Poderíanse sinalar dous Oucidentes pol-a eisaltazón moral de istas dúas arelanzas Saudade e Destiño? De unha maneira provisoria. Céltiga e Germania. Moitas veces —moitos tempos— en moitos homes —nas horas de un mesmo home— misturados como os albres no bosque en «cliseries». Un home como non sexa un asceta ou un criminal non se pode, pra proceder con honradeza artística, comparar c-un albre. É sempre bosque, —porque non xardín ou lameiro?— aceitando a metáfora vexetal. Ten moitedumes na lembranza e resposta cuase sempre coral ao vento das interrogaciós. Isto non ten relazón co noso meditar, mais non é posibre esquencer ás veces a técnica literaria.

Destiño: A vos guiadora de Dietrich von Bern. O pranto do derradeiro rei vándalo de Cartago. O descer da croa imperial encol da testa de Calromagno. A meditazón de Kant, heroica. A política de Otto —e a dos Ottos saxóns— o Canceler de Ferro, e a leición de Fichte e a espezialización germánica. Tén de ser así. Non pode ser de outro modo pra vivir, e os pobos centroeuropeos, ou seus

semellantes teñen medo á morte, e tómana moi en serio. Isto eisprica moitas cousas co tón xeneral por riba dos grandes acertos do derradeiro libro de Spengler que Risco comenta n-istas páxinas.

Destiño é tamén a escadra inglesa e os xestos heroicos dos petrucios dos Estados Unidos. Como toda a técnica e a economía como cencia dende aqueles líricos tempos da Economía Política que engaiolaba ás señoras até a proluxa e sonora disciplina que profesa o Dr. Bierer en Stettin.

Contra o Destiño a Liberdade. E a Liberdade obriga e colle aparencias de Destiño, como iste ben estudado e adoitado e até sentido pode adiquirir formas de Liberdade. Deixamos ao leitor a xustificazón ou non xustificazón de ista vella tésis con argumentazóns filosóficas e sobretudo con vidas i-esquemas de vidas de homes e de culturas. Nós soio queremos afirmare ista intuición derivada dos termos demasiado escolásticos de aquila: Saudade forma da Liberdade e dende logo o máis contrario ao Destiño que se podía maxinar.

Saudade é confiar i-escoller. Ás veces pobos e homes escollen saudosamente o camiño das bágoas e do remozamento, e dñ os escritores que son pobos servos de un Destiño e que deixándose levar pol o regosto da propia malenconía, morren fadalmente. E na verdade superan pol-a Liberdade, —a Saudade— A Morte, e viven e disfróitan de un ben superior ao dos pobos apreixados no Destiño que lles concede aparatosas aparencias de forte vila.

## «DE SERVO ARBITRIO» E «DE LIBERO ARBITRIO»

Despois de todo a tónica dos pobos e das culturas está n-algo que se tñ desmaziado esquencido desque a cultura foi estimada como fenómeno supremamente urbán. Está no sentimento relixioso. Na forma e no espírito de acoller as Parolas do Evanxeo. Entón mírase craro onde está o Destiño e onde a Liberdade.

Os Celtas son saudosos. Eu non entendo a un celta protestante. A Saudade obriga ao «libero arbitrio».

Un intre esenzal e dramático aquil da polémica entre Martin Lutero e Desiderio Erasmo. A vella fadallade dos bosques de Arminius mandaba contra todas as aparencias —amor, ceibe eisamen, sinxeleza apostólica, legría— no Doutor de Wittemberg. Non tivo medo de disparar o tremendo pelouro: «si Deus está connosco non estará o diaño e soio arelamos o ben, mais si non está Deus está o Demo i-entón sóio podemos querer o mal». Xa o humanista de Basilea tiña salvado a dinidade da natureza humán e a gracia do renacementismo.

#### A EISISTENZA DA SERRA DE AVIÓN

Do meu balcón de pau dibuxado por Castela e posto no canto de aquil outro onde as pitas rubían aos hombreiros de Vicente Risco pra picarlle as gafas como si foran figos, miro a serra de Avión. E da súa curva azul e demarcadoira sai outra das grandes demarcazóns do pensamento, ¿esiste ou non o mundo exterior fora do meu pensamento? Si eu non-a penso ¿hai ou non serra de Avión?. Perdoade a forma de vos lembrare o problema esencial cuio intrínseco agora pra

nós histórico, está en sinalar outro contraste entre a Occitania e a Atlántida. Os Occitanos crén todos na realidade eisterior. Viven n-ela en todas as formas e decorrerres das culturas. Son clásicos como mediterráneos. Cecáis a estilación filosófica da Saudade levava a un irlandés o Bispo Berkeley a fondar o Idealismo Absoluto correxido deseguida inxenuamente e saudosamente por a presenza e participazón de Deus. Ouservade, paralelamente, como os mediterráneos os de mente en forma clásica cando acollen o Idealismo son en xeneral hegelianos como os italiáns Spaventa e sobretudo Gentile.

Fálase moito do sentimento da natureza nos Celtas e do seu panteísmo. Mais fixando ben compriría chamarlle diversamente ao seu tratamento poético i-especulativo do mundo. Sensibilízano, dánlle unha certa vontade, dispoñen ao seu xeito as categorías esenzaes. Toda a súa loita é amor co mundo moi distante do Spinozismo centífico ou vulgar. Pol-a Saudade liberan ao mundo das súas cadeas lóxicas e realizan o miragre de vivir no fio esenzal do decorrer do espírito, en chea sobranía pol-a Liberdade.

Trasalba, Agosto, 1934.



## D E R R U M B A M E N T O

POR LUIS MANTEIGA

Eu veño coma sempre, está a tarde a morrer. O ventíño do serán ten consolos pra queimazón do sol, no mar azul do ceo un barquiño de nube anclou a sua i-alba soma enfeitizada, no alén invisíbre o sol en afofos chora luces d'ouro e reflexos de sangue. É a hora maina do serán, cando as cousas se despreguizan do sono da soleada, cando comenza o rumor a deixarse ouvir, cando total as prantas piden auga ós xardífeiros sin corpo que teñen no ceo, cando a noite é aínda unha cousa futura. Eu veño coma sempre a mollal-as mans da miña soedade, na ledicia morna dun fogar irmán, limpo de cousas noxentas; a mollal-os ollos da miña intimidade, na quentura doce dun amor humano, que vive por si mesmo lonxe de todol-os egoísmos, de total as imposicións, e de total-as pornografías que son hábito e norma no mundo social. Eu veño coma sempre aquecer sin envexas, dun xeito puro, cordial, limpo e cálido o meu soño íntimo, qu'eles saben sosteño como esperanza dun porvir que quizabes non virá nunca. Eu veño coma sempre a abrazarme a eles i a deixar que me abracen en apreixa íntima de amizade profunda, sin segredos, nin resabios de desconfianza. Eu veño coma sempre a esquencer, nun intre quente e sin par, os mil doores do día ateigado de silenzos, de inquedanzas e de anceios insatisfeitos. Eu veño coma sempre.

Nesta hora de maravella do serán, en que total-as labouras se caen das mans, eu síntome ben neste cuartíño outo, onde se repousa lonxe de total-as cousas habituaes, por enriba das xentes, perto do ceo. Parez unha torre esquencida enriba dos tellados. O seu mirador aberto ós hourizontes e un

ledo sorriso vital, e unha faciana de vidro a onde veñen a refrexarse todol-as cousas do mundo. Óllase o segredo noxento das casas que saben a fogar emporcado nunha vida sin mais alá. Óllanse tellados negros de lousas pizarrosas. Óllanse fumeiras derrumbadas e tendales, de intimidades repulsivas. Pro óllase dende outo, porque as dondas combas dos montes asoman por enriba os seus lombos verdecidos, os seus rextos peneños, a materia fonda e quente. Óllase dende outo porque a vista pode brincar por enriba das cousas, pra acadar os hourizontes lonxanos i-a fachenda da paisaxe, sin rebuldeiras frivolidades. Óllase dende outo porque o ceo é grande coma un mar, e n-él poden suavizarse total-as angurias que a i-alma ferida precise botar fora de sí, inda que só sexa nun intre, pra poder sentil-a vida coma pura emoción. Eu síntome ben neste cuarto sin somas, arredado do mundo, onde se pode dormir e soñar rodeado d'un mesmo, respirando un alento perfumado de espiritualidade sin lacras; neste cuarto que é a vez celda de recollimento, e frofido carmen de inquedanzas sutís e garimosas. Eu veño sempre a curarme de min mesmo; non, a curarme non, somentes a descansar, debera decir aínda a vivir, si o vivir non fora todo. Si, vivir é todo, pro en miu, precisamente, a norma, e o casi que todo, é o outo.

Eu ando a vivir coa i-alma nas mans, andiven sempre así, quizaves non comprenda outro xeito de vivir. Eu ando a vivir antre os homes i-antre as cousas, sin sentir n-elas a miña presenza, sentindo en min a súa fundamente. Eu ando xa coma unha soma cansa, lonxe, porque si, da miña xuventude viva. Cada intre dos meus foi deixándome

na i-alma unha espiña i-unha door. Eu non sei xa onde está o meu hourizonte. Eu vin o mundo c'unha canzón de amor nos beizos; eu abrin os brazos pra acadar o mundo nunha apreixa afervoadá; eu fun dando o meu ser a cada ser i a cada cousa que pasaba á miña beira, e ninguén recolleu a miña ofrezá. Eu seguín a dar, a dar sempre, c'o segredo gardado na i-alma de que alguén viría nun intre calquera, a sentarse á miña beira e ser pra min a i-alma irmán que precisaba alá no fondo mais fondo de min mesmo. Era tan grande o meu tesouro que eu seguín a dar sin tasa, inda que me doese o silencio dos mais. Eu tiña en min unha ledicia infinda, unha ledicia de mundos novos, de horas descoñecidas, que eu sabía que un día habían de frolecernos nas mans a todos os homes que éramos irmáns a través das distancias e das difrenzas. Eu era un home que andaba a cantar antre os homes, a canzón auroral do porvir, a miña ledicia, os meus anceios, non cabían no mundo emporcado, aprodrecido, de farsas noxentas, e homes mortos en que eu tiña nacido. I eu sabía que todos os que naceran conmigo tiñan na i-alma, coma eu tiña, un degaro invencible de cousas novas, que era o nervio que nos daba pulos pra loitar d'un xeito que era rebentar de grumos e botóns nunha primavera toda promesas. Eu sabía que o noso mundo non podía pensar en si mesmo, i-eu perdoaba o silencio da miña propia vida, coma si él fora preciso pra todas as labours. Alá no fondo eu pensaba que non era preciso, pro non podía culpar a ninguén. Todos éramos uns, todos marchábamos coma un exército eisaltado á conquista de todas as glorias. Eu topaba moitas cousas que rifaban c'o meu propio sentir; pro aquela loucura de avanzar, faciame camiñar por enriba de min mesmo, coma si todas as dúbidas fosen criminosas. Eu poñía un berro de entusiasmo, o berro que saía de mil homes, á vez, sobre do berro silencioso da miña conciencia. Eu metíame cada día mais, na quentura da loita, pra esquecer o reconcomio da miña soedade íntima, d'esa outra conciencia que alá dentro decía que non a moitas cousas. Era tan fondo o meu entusiasmo que non podía supoñer que non o

houbera igual no peito dos outros. I-os días eran so acción, anxeio vibrante, loita, hastra no sono. Magníficos días prenos. Eu non sabía que me estaba a ferir no mais vivo de min mesmo.

Cando as cousas víñeron, eu vivín a emoción do comenzo. Ningunha hora tan outa como aquela en que os homes se puxeron a camiñar, en que todo principiou a trocarse, en que todos os anceios parecían virnos ás mans. Pro todo se foi axiña i eu vin, vimos algúns homes insolados nos corrunchos do mundo, como nos íbamos quedando sós, porque a todos os outros abondáballe co comenzo, a todos os outros que vivían co noso alento abondáballes co troco de postura, abondáballes con ocupar unha cadeira que denantes non tiñan. Eu entón berrei mais outo que nunca, e vin como me poñían as mans na boca i-as cadeas nas mans, os mesmos que denantes me axudaban a berrar. I entón despertáronme na conciencia aquelas discrepancias d'outrora queu afogaba adrede pra loitar en conxunto, e perdín os azos pra todas as cousas. Ollei pra min, pro meu ser mais íntimo, mais verdadeiro, aquel mesmo que eu afogara un pouco no correr dos días, e vinme aldraxado i-esquencido por min mesmo, coma si xa tivese morto. Todas as ideias, e todos os anceios estaban vivos e craros na miña i-alma, ningún hourizonte se tiña trocado c'oa enseñanza dos días e dos homes, eu seguía a miña roita con honradez. Pro os mais tiñanse metido no meu campo e tixerárame marchar por vieiros que eran d'eles, i-eu vin coma me foran roubando a miña vida, coma solermiñamente me obrigaran a vivir d'un xeito contrario a min mesmo; e vin tamén coma todo era fatal e como a miña forza non podería trocal-o curso das cousas, nin as ambicións dos homes. Vin que si outra vez volvese o tempo a correr o xa vivido, volvería novamente a ser todo coma fora.

Agora vexo a miña vida rota, c'un vacío de soedade que me doi no mais íntimo da i-alma, tendo na conciencia as mesmas ideias e os mesmos anceios, pro c'un peso fondo de inutilidade, c'oa sensación de ter as mans atadas por un sino fatal, e de ter xa así, pra sempre, a vida agoniada por un degaro sin

termo, Pouco importa que loite contra o meu pesimismo, contra este vencimento que fai de min unha cousa nas mans das cousas, que mais ten, si non logro refacel-a miña vida, a intimidade da miña vida, única cousa que creio que se pode faguer, única cousa que me pode salvar, e na que aínda creio, porque me sinto a min mesmo rebulir baixo o asoballamento de todas as cousas.

E así coma veño a este cuarto garimoso, a aquecer a soedade da miña i alma na quentura doce dunha intimidade compartida dende o fondo mais fondo das entrañas. Eu veño coma sempre, porque no meu estado coído que xa sería casique todo, ter á miña beira unha i alma que vive con un cordialmente as propias doores, e xa que n'a teño, gosto de ver pura e ledamente como a teñen dous seres que están moi perto de min. Non, en min non fraqueian as ideais elas están en pé tan outas coma sempre, o que non se sostén é a posibilidade de realización porque xa non poido creer nos homes en conxunto, porque topei moi fondamente coas súas ambicións, c'os seus resentimentos, con todas esas súas cousas baixas que me desfixeron a vida. Pro creio aínda que hai homes que se salvan das cousas noxentas, e por eso creio que se pode faguer todo o que depende de un mesmo, por esto penso que o único que cabe faguer é salvar a propia vida e logo todo o que se poida, por esto gosto de xuntarme a estos seres que sin narcisismo van faguendo o que eu quixera faguer e non poido. Eu xa vos dixen que veño coma sempre, coma o home que torna a si mesmo, coma o crente que vai falar con Deus.

Os bastidores ergueitos deixan entrar a luz i a brisa do serán que morre, o ceu escurece mainamente. Nos tellados de lousas hai herveñas fiolidas. Eiquí, no cuarto garimoso todo e vida quente, vida de dúas i-almas sutís, que non voltan as costas ó mundo, inda que repousen lonxe d'el, no sagro silencio da súa intimidade, vense as dúas manifestacións dos seus espritos distintos, esta dualidade dos sexos na que descansa a vida. ¡Cántas cousas van pol-o mundo adiante nacendo dos homes e chamandoos! Eiquí podemos ollar pra moitas cousas, libros, cadros, obxectos, retratos. Eu camiño por antre

as cousas coñecidas, coma por antre os meus amigos, dos que son fonda remem-branza. Todo me fala d-eles, todo me fala desto que aínda se sostén en pé dentro de min, por obra e gracia da súa presenza. Vos non sabedes coma se agarra un á cousa última. Eu sintome eiquí descansar ledamente de todas as cousas, eu sinto que todas as ouseicións se van lonxe nada mais pór os pés neste cuarto, e xa podo rir e chorar sabendo que alguen recolle docemente as miñas emocións. Eu veño coma sempre, pro os meus ollos atopan con algo insospeitado, ela está a chorar i-está sola antre as cousas.

—¿Tí que tes?

As bágoas rodan lentamente como doas d'un rosario que se desfai. Non é chorar de door físico, vese ben como é algo que se rompe na súa i-alma, algo moi fondo no que descansa a vida. Eu sei do meu chorar, sei do chorar dos homes, conozo todas as doores; inquédanme máis as bágoas d'un ser qu'o bruar d'unha tormenta. Uns ollos tristes, embazados, ollan pra mín co a súa luz gris.

Non hai eiquí o que ti vés buscar, xa é hora de que ti o seipas, nada d'esto é verdade.

Eu sinto que algo que é meu, rompese no máis fondo da i-alma, xa desfeito pra sempre. Somas anguriosas se poñen en pé na conciencia, todas as cousas se tornan frías e mortas. Eu sinto como se me van das máns os últimos agarradoiros da miña fé nas cousas, nos homes, en mín. ¿Non sabedes?, eu fora perdendo a marabala de todas as esperanzas, e quedabame esta, que non era miña, pro que podía sel-o, posto qu'eisistía nas máns dos homes. Eu fora ateigando rosas no altar doado d'esta eisistencia, e xa era ela así coma un Deus ó redor do que se podía novamente erguer un mundo enfeitizado de anceios e de ilusións, pra descansar a door da propia vida, e de todas as vidas que latexan na vida d'un. E de pronto, nun intre tolo, vexo que todo se funde na cinza fría da negación. Ela fala pra mín e pra ela.

Non te deixes vencer pol-a negación total, eu loito contra ela, dende sempre. Todo pode ser, inda que non sexa. Así fala a miña vontade, pro alá no fondo, porque non decilo, a negación roe sempre, porque a reali-

dade imponse, co-a forza brutal das cousas que son por enriba dos nosos anxeios. Non pergúntes rên, as verbas non sirven pra decil-as cousas, sirven solo pra ocultalas.

Un silencio fondo de arca pechada ceibase sobre de nós. A noite que entra pol-as xanelas abertas metese nos ollos, e os dous deitados nas somas, estamos a pensar sin saber en qué.

Cando tú decías que o Ravel ten razón, eu negabacho porque non quería deixarte marchar ó abismo no qu'eu xa tiña caído. Agora xa os dous podemos escoitalo sen discusións.

A súa soma esguía, érguese nas somas, cruza diante de min i unha man descansa nos meus cabelos. Despois acéndese unha luz coma un verme e da comenzo o Bolero de Ravel.

A vida empeza a súa canción maina, suave, sinxela, ledamente, coma unha meniña que quer vivir. Brincadeira de danza, sartal de notas sin senso, solo un anxeio infantil de vivir, garimoso, sutil, sin complicacións, que se rompe con unhas notas mais fortes, que non parecen ter ren que faguer alí. Pro a canción volve un pouco mais outa, con tonos mais varios, con ledicia mais forte, e novamente notas mais fortes tamen a volven a cortar. Pro a canción non lle importa, ela solo quer vivir, e vai brincando, rebuldeira, de un a outro instrumento da orquesta, pra pulsar segura de si mesma, todol-os sons do seu cantar. Mais os seus pulos son sempre cortados por uns rextos sonidos estraños, mais fortes, canto mais outa é a canción. Entón decatámonos que a canción leva ás costas, un son de ferreñas, que xa está alí dende o primeiro intre, e que vai medrando ó

mesmo ritmo que a canción. I-ela sigue a brincar de instrumento en instrumento, como fuxindo do son que lle roe os pes, pra libertarse d-el e poder cantar libremente a súa ledicia. E xa non é un solo instrumento o que di a canción, se non varios, combinados, faguendo variacións i-estridenzas. E a canción vai perdendo a súa lediza inxenua, infantil pra faguerse berro forte e angurioso anxeio. Pro todo é inútil pois o son medra, vese vir coma unha forza fatal de aniquilamento, trocarse de lixeira ferreña, en rexo redoble de timbal, e cando xa toda a orquesta é un berro agoirado no que inda quer vibrar a canción, o son céibase sobre d-ela i-engúlea con valvorto tolo de caos final. Igual que na vida.

Ninguen sabe canto tempo estivemos calados, perdidos nas somas pechados, vencidos pol-a sembranza de moitas vidas, de toda a vida, que o Ravel fixo c'oa maxia do seu arte, quizaves sin querer faguer outra cousa que un áxil xogo de técnica.

Ninguen sabe si a nosa i-alma está a chorar no silencio dos ollos pechados, ou si ten fuxido de nós pra chorar sola, alá onde ela pode ir. Cando no cuarto se acenden as luces, xa todo é frío e distinto. Eu non coñezo as cousas, coñezo-a ela, a unha ela nova que coido coñecer dende tempos lonxanos, e non ten ren da ela, de sempre. Un vaho de tristura envolve a nosa palidez, non sae unha verba ós nosos beizos, saen só ós nosos ollos, olladas tristes, grises, molladas. Dámonos as mans, quizaves nos damos un beixo ¿que mais ten? Somos dúas i-almas magoadas sin luces de esperanza. Neste intre, somos sementes, dúas i-almas mortas.



# M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

## I P R A G A

que remata por non ser exótica; Asia que se volve Europa (ou Europa que se volve Asia); slavismo que se volve germanismo... Non sei ben, deféndome con ditos abstractos, o qual non debe ser. A cousa é moito mais doada, somentes que non atino. O certo é qu'istes bordados espertan en min certas lembranzas d'impresións tidas de moi novo, nen sei en que leituras, nen sei en qu'imagens... Cecaís certas gravuras de libros antigos estilo Gaspar y Roig; cecaís libros de viaxes refollados noutrora, nos que se cadra istos bordados non figuraban pra nada... Cecaís algún tipo de labrego húngaro... Eu que sei? Se cadra, calquera día revélase de súpeto o misteiro.

Os mobles, en troques, son todos d'estilos coñecidos. O que non é o mesmo é o gusto. Por unha vez, non emprego eiquí as verbas *estilo* e *gusto* no senso que lle dá Spengler. Gusto n'iste caso refírese á sensibilidade, ao xeito especial que pode ter un pobo de sentir un estilo. So mentes co-iste sobrentendido podemos falar, por eixemplo d'un barroco galego. Un estilo barroco noso, digo. Ora, s'o barroquismo s'entende com'unha calidade do temperamento, com'unha predisposición, d'aquela, nós somos barrocos, mais istes homes da Europa Central sono tamén. E ben que o son.

S'imos procurar semellanza, temos que falar de dúas importantes, co-a importancia tremenda que ten a música n'iste respecto: a zanfona (*níniera*, en checo) e mais a gaita de fol. Crar'está que o ronco e mais o pun-

teiro da gaita checa rematan com'un saxofón; no demais é igual á nosa. Non ten nada d'estrano: a gaita e mais a zanfona foron instrumentos estesos por toda Europa na chamada Edade Meia, Pol o tanto, non é estrano que s'atopen na Galiza e na Bohemia. O que já ten mais de particular é que se conserven n-unhas terras e n-outras non. Por qué razón os homes d'estas terras seguiron apegados a istes instrumentos? Non pode isto indicar certa semellanza psicológica? Ora, a gaita tende a persistir nas terras céltigas: Irlanda, Escocia, Gales, Bretaña, Galiza. Mais esta é unha terra slava, con colonización germánica. Certamente; mais os slavs foron eiquí invasores chegados de Oriente; eiquí houbo primeiro outra gente. O nome d'iste país—Chekoslovakia é un nome moderno, un nome da postguerra, e indica somentes unha entidade política, embora esta entidade corresponda a unha entidade nacional, millor dito, a dúas realidades nacionais: checos e slovacos, a mais, se contamos outros pobos da parte oriental.

O nome d'iste país, digo; é Bohemia, e iste nome venlle d'un pobo céltigo, o dos Boios, que habitaban eiquí na Antigüidade. Os Boios desapareceron da historia dende comenzos da nosa Era. Non quedaría nada d'íles?

Se procuramos desemellanzas, podemos ollar a chea d'ovos de Pascoa pintados que s'atopa n'iste Museu, algúns ben lindos por certo. Eu non sei se todo será desemellanza. Veleiquí a *Charramusa*, boneca de palla e

de trapo que seica fan tamén pol a Páscoa, toda adubada con colares d'ovos enfiados; pois tamén alá aduban os Maios con ristras d'ovos. Velelquí colares de cunchas, com'os que fan en Bayona; velelquí un vestido todo de palla, con caperucho, traballos en palla, barandas pr'a roupa, etc. Así e todo, abondan as desemellanzas. Non hai mais que ver os vestidos, postos com'en Berlin en bonecos do grandor natural, con cabezas de cera, non tan fermosas com'aquelas. E as preciosas cocifas que semellan capelas.

Hai tamén cadros en cristal e en táboa. Gustáronme moito dous: un representa a Adán e Eva, e debaixo dous curazós con leendas escritas. O outro é un Profeta escribindo á beira do río Éufrates; d'un lado hai un monte, e no cume do monte aparece o Añño misteco, e arredor sete anjos con trompetas.

Pasei aínda outro día inteiro n-iste Museo, mais coma digo, a espricadeira non é d'iste sitio. Eiquí non debe ir nada que se refira á especialidade.

## EU SON HÚNGARO

Pra voltar collín un autobús. Eiquí si que quixen dicir onde m'iba baixar, e o cobrador non comprendía ou fixo que non comprendía alemán. Entón intervín unha Señora gorda que llo traducéu e aseguroume n'alemán qu'ela m'avisaría. Resultou que baixou ela dediante, i-entón deixoume encomendado a un Señor flaco de gabardina qu'iba latricando co-ela. O Señor, de tipo modesto, preguntoume se non comprendía o checo, e ao dicirle eu que non, ollou pra min d'un geito especial, e dixome con certa sorpresa:

—*Aber, Sie sind kein deutsch!* (Mais Vde. non é alemán).

Acrarei a situación e o señor solprendeuse mais aínda. Coidara que era húngaro.

Cousa mais rara... O feito repetírase já catro ou cinco veces en Berlin. Dalle con que son húngaro. Eu non sei en que pode consistir a cousa, mais non colle dúbida qu'eu teño tipo de húngaro, que semello húngaro, ou que son húngaro sen sabelo... Terei que precurar ver se é que hai en Hun-

gría algo que m'intrese fondamente, algo pol-o que mereza a pena qu'eu me faga húngaro, posto que pol-o visto, teño moito camiño andado pra selo. Pol-o d'agora non teño nen diñeiro pra chegar aló nen tempo pra meditar en col de Hungría.

Baixámonos aquí señor e máis eu diante d'un pasaque que levaba á Vaclavatska Namiesti, e como na entrada había as cristaleiras d'unha zapatería, o señor aquí díxome que se trataba da meirande frábica de calzado que había no mundo, e que traballaba moi barato: había alí pares de botas e zapatos de 60 a 99 croas, do mais fino e do mais elegante, fortes que botaban unha chea de anos nos pés, e que nunca mancaban, senón qu'andaba un cos pés com'en pantufas, sen qu'entrara endejamais a auga, nen perderan a forma, nen o lustre, nen naceran callos. Eu ja non sei cantas loubanzas me fixo d'aquél calzado, e despois levoume unha por unha a todas as cristaleiras, que eran seis ou oito (calzado de home, de muller, de neno, pra diversas usanzas, pra vran, pra inverno, pra caza, pra alpinismo, pra campo, etc., etc., etc.) e fixomas ver por miúdo, con longas espricadeiras de tremenda erudición técnica. Eu aprovei todo, e dixen que me parecía baratísimo, Craro que non entrei mercar ningún par. Agradecín moito ao señor a sua bondade, e despedínme.

## ALEMÁS E CHECOS

A Vaclavatská Namiesti estaba d'aquela no seu furor de gente. Pasaban lindas rapazas, señoras elegantes, polas e señores moi vestidos, etc. Moita iluminación, letreiros lumiosos, tendas con cousas querendo solprender á gente co estilo moderno, Reiseburos, librerías con cousas en checo, moitas traduccións do francés e do inglés, libros franceses e ingleses, libros alemás, revistas; postos de jornais con jornais alemás, checos, entre os que o que mais se vé é a *Narodni Politika*, franceses, ingleses, etc.; un pasadouro ou dous con esposicións de varios comercios: vestidos de nenas e de señoras derradeira moda, chapéus de home con penachos ou de forma nacional, etc., etc. En Na Prikopie había unhas teas de señora, meio

prateadas, meio transparentes, outras de sutil tecido azul sementado de follas d'ouro, cousa fermosa, chea d'ensoño e de arte, dina de que n-elas o ouro fose ouro e a prata fose prata, cando se cadra nen a seda era seda; dinas de seren tecidas n-arcaicos teares de man, cando unha tristeira *producción* da nosa industria europea, enganosa e banal, que, mais que n-unha heroica mintira, fúndase n-unha verdade falsificada.

Fun ao café onde fun jantar o primeiro día, onde me deron o mesmo jornal alemán, e tomei un café augacente con leite e un pan trigo d'ises de cornos, en forma de ferradura. Aínda din unha volta pol-a rua, e recaín ao cabo na Deutsches Haus.

Precurei a mesa do Prof. Jungbauer. Variara algo o persoal. Había outro Profesor, nacionaleconomista e pescantin. Un señor de anteollos, Jungbauer, despois o Profesor W., despois o director d'un jornal alemán, señor outo e guapo, de calzón curto, moreno e canoso, tamén nacionaleconomista e din que moi inteligente. Despois outro Profesor. E todos a beberen, a falaren, e a fumar. Eu pedín ovos revoltos e un pequeno bock.

Funme enterando d'unha chea de cousas: os alemás e mais os checos non teñen trato os ús cos outros. Os checos de Praga son traballadores ou empregados do Estado; os alemás son negociantes ou empregados particulares. Semella qu'os alemás teñen mais cartos qu'os checos. Hai un gran Banco checo, que leva o nome, coma pra facer a contra aos Bancos alemás, que son os mais, e semella que os que millor negocio fan. O Banco, chámase checo, pero o mais do capital é inglés. En col d'estas e d'outras cousas, istes señores, danme unha chea d'esprica-deiras con gran detalle, que non poño eiqui porque, anqu'agora comprendo integramente o alemán, hai outro idioma que eu endejamais comprenderei, que é o idioma mercantil e financeiro: o idioma do Comercio e da Banca. Coma son probe, non teño ningunha precisión d'empregalo, e pódome permitir esta elegante iflorancia.

Sobre de todas estas cousas, ademais, habería qu'ouvir á outra parte, mais a esta nona poderei ouvir d'esta vez. Non embar-

gante, istes eu ben vexo por onde van. Faise sospeitar coma quen non quer a cousa, unha cousa así como s'a República Chekoslovaca fose unha sorte de negocio pra os aliados. Non é qu'o digan, mais co seu jeito de falar, sugireno.

Siguen espricando: os judeus son unha sorte de ponte antre alemás e checos, porque son por metade unha cousa e outra, e coma iles son tan unidos antre sí, n-iles non hai distinción d'idiomas nen nacionalidades.

Os alemás din que defenden a cultura alemá ameazada. Eiqui na Deutschen Haus andan pidindo c'un cepillo pr'as escolas alemás, e todos dan.

Dín qu'os alemás son os que máis pagan ao Estado chekoslovaco, porque d'iles son os máis dos negocios, e son os que menos beneficios reciben. Por eixemplo, o Estado non dá diñeiro d'abondo pr'as escolas alemás, e istes señores din qu'iste é un meio pra combater a cultura alemá.

A mín ocórreseme matinar pra contra mín, que non vexo qu'os alemás teñan tantos motivos de queixa. Son os que máis pagan ao Estado, porque son os que teñen os millares e os máis dos negocios. Se teñen os máis e os millares negocios, son os que teñen o dominio económico en Chekoslovakia. E non lles abonda, e aínda queren o dominio políteco. Teñen a súa Universidade e as súas escolas, subvencionadas pol o Estado; s'a subvención non lles chega pra telas coma iles quixeran, pra iso son os que teñen os negocios, e débelle chegar pra suplir o qu'o Estado non lles dea. Mais iles queren ter os negocios, e por parte queren aínda qu'o Estado lles pague as escolas con todo o luxo con qu'iles as queiran ter... Pois en Galiza, quen paga ao Estado son os galegos, e non hai Universidade nen escolas galegas, nen outros servizos que compren e que o Estado non paga.

Istes alemás de Bohemia, cibdadáns do Estado checo, con diputados propios, con imprensa propia — *Bohemia*, *Deutsche Anzeiger*, *Prager Tageblatt*, etc. — ocúpanse moito de políteca. Están orgaizados en Minoría Nacional, e esta minoría ten que darlle moitos disgustos á República. Os checos teñen o nemigo na casa, teñen iste elemento

inasimilábele, que pol-a forza das cousas ten que ser un perigo constante pr'a nacionalidade.

Eu confeso a miña simpatía pol os alemás, por istes alemás de Praga en particular, cos que fico obrigado por unha débeda d'agradecimento. Son ademais homes bós, cordiás, gasalleiros, ben criados, sabidos e intelixentes. Anque m'eduquei en libros franceses, a miña mentalidade acaí millor co pensamento alemán, namentras qu'a mentalidade slava éme por comprobante allea. Non embargante, n-iste respecto a que me veño referindo, no aspecto político, eu teño qu'estar cos checos. E temo moito pol-a súa liberdade, co-iste Ulster dentro.

Cando salmos, o Prof. Jungbauer empeñouse en que fóramos a unha taberna hespañola, valenciana. Fumos. A porta estaba entornada, e adentro sentíase tocar a guitarra. Unha hespañolada coma tantas, sen intrés. O dono, ou o que fose, moreno e con longos bigotes, falounos en checo. Sería valencian? Calquera o sabe. Iban pechar, e fúmonos á cama.

## AS DERRADEIRAS HORAS

Já pouco máis hai que contar de Praga, porque do resto do tempo, paseino case todo no Museu Etnográfico. Mais chegou o día de marchar, e custaba traballo deixar de ver unha vila de tan forte engado.

Foi unha mañá que me restituín de novo á rua. Andiven e andiven. Vin novamente o Klementinum, a torre da ponte Karlova. Starostské Náměstí, a Celetná ulice, a Pulverturm, volví ver todas aquelas cousas pra prendelas, aseguralas ben na memoria, que non se me perdesen; quixenas preservar do esquecemento, d'esa nada na qu'a nosa vida vai caíndo a anacos.

Merquei cousas que despois poidera estar vendo na casa: merquei unha gran cachimba tipo Europa Central, forno de louza; canuto de cerdeira, borlas de seda, que leva tanto tabaco coma levan os vinte pitos d'unha caixa Memphis, iste tabaco austriaco a que m'afixen,

O tempo pasou. Voltei ao Hotel, arranxei a conta e collín un auto pr'a estación Massa-

ryk. Alí tiven qu'agardar algo, tomei café, e por fin metínme no tren.

E non me dou ben conta de coma saín de Praga.

## PRAGA - VIENA

Viage confusa, cheo de sono.

Primeiro, a chaira con tiras longas de leiras, com'unha colcha de morabetes.

Aran con cabalos, con motor. Andan fatos de gansos e parrulos.

Despois montañas moi verdes e con moito arboredo.

Aran con bois. Andan fatos de cabras.

Vólvese desenrolar a manta farrapeira das terras de labor.

Pasamos moitas estacións sen parar. Pasamos por antre unhas frábricas moi negras e moi feias.

N-unha estación, chamada Usti, estaban os empregados todos deitados na herba, vendo pasal-o tren.

As casas son todas semellantes, con tellados lisos, de grandes chapas, algú con figuras combinando as coores, moitos c'unha gran cruz formada n-elas. Algunhas aldeas fermosas e ben postas. Casas por antre as fincas. Chalets, palacetes cursis.

Vai vindo a noite.

Fronteira.

Zollrevisión, sen abrir tan xiquera os bultos.

Pases.

Austria e noite.

Chegada. Encoménzanse a ver luces no escuro. O tren vai agustifio. Semella que pasamos unha ponte, coma se fora moi outa. Pasan luces. Non sei ben por onde imos. Paramos por fin n-unha estación moi grande. Confusión. Vou deixar o equipage no depósito, e surto soilo co maletín.

## II VIENA

### PRECURA D'ACHEGO

En Praga, enantes d'ir ao tren, naturalmente, merquei a Guía Grieben. Já teño falado das guías Grieben: *Grieben Reiseführer*. De cada unha hai dúas edicións: grande e

pequena. Pol-o común, co-a pequena, chega ben. N-ela atópase todo. Eu precurei a de Viena, que era de 1929. No tren, refolleina. Andiven vendo os precios de hotés e pensións. Fun botando unha raia co lapiz debaixo das que me pareceron baratas: *Distingúe, Bellaria, Columbia, Engel...* Rematei por decidirme por unha pensión que non tiña riscada: Pensión Karolina, Karolinengasse, 7, *nahe Südbahnhof*. Isto de *nahe Südbahnhof* foi o que me fixo escoller n-ela. Efectivamente: estaba «preto da estación do Sul», e eu tiña que baixar na estación do sul. Abrín a carta que ven no cabo das guías Grieben, que teñen un buscador (*Sucher*) moi curioso, d'usanza, naturalmente, complicada, senón non tiña mérito. O plano leva unhas raias azúes cos números I, II, III, IV. Por enriba e por embaixo leva os números de 1 a 70. O buscador é un cartoncillo que leva d'enriba embaixo as letras dende o *a* ao *z*. O libro ten despois unha lista de ruas, e en cada nome, o número romano e o alarbio do plano, e máis a letra do cartoncillo. Por exemplo: Apostelgasse, III. 58q. Pois cóllese o cartoncillo e ponse riba do plano de xeito que a *n* caia enriba da raia III, e a beira dereita enfiada co número 58. Entón, onde estea o *q* do cartoncillo, atoparemos Apostelgasse. Divírtese un moito co-isto pequeno ingenio, anqu'un non sexa alemán. Ora, os alemáns deben gozar co-isto d'un xeito que non ten comparanza. Está mesmo feito por e pra o espírito d'íles.

Pois eu collín o chisme, e precurei Karolinengasse, por ise procedemento, coma houbera feito calquer filisteu de Berlin, sentado á mesa do comedor. Saíndo da estación, atrávesase o cinturón da cidade (*Wiener Gürtel*), métese un por Argentinierstrasse, e a cuarta rua travesa, n-unha praza en que hai a igrexa da Santa Sabel, é Karolinengasse.

Así fixen en canto cheguei. Eran as nove da noite, e as ruas estaban escuras e silandeiras. Non pasaba ninguén, e as portas estaban todas pechadas. Aquelo semellaba Ourense despois das dúas da mañá, se lle suprimiran os ociosos que aínda a esas horas pasean latricando. E quedaba por saber de que lado da praza estaba o número 7.

Andiven pra riba e pra baixo, e por fin atopeino. Había un portal con porta de ferro aberto e víase luz no fondo, que baixaba d'unha escaleira. Entón aínda faltaba saber en qu'andar estaría a Pensión Karolina. Rubín, andiven por unha escaleira que tiña despois un andadeiro longo, e logo volvía encomenzar. Por fin apareceu a Pensión. Chamei. Atrás da porta ouvíanse falar mulleres.

Abriron e atopeime n-un recibimento grande, con tornos pra pendurar a roupa, gran mesa central con libros, teléfono, etc. Atrás d'unha porta, ouvíanse moitas mulleres falando a un tempo. Falei c'unha señorita outa e forte, con anteollos, de non ruín fachenda, moi fina, a qual encomendoume a unha criadiña loira e linda, redondiña e espigada, sorte de nena con vestido negro, mandil branco de tirantes, e fala garimosa e crara.

Levoume a unha cámara grande e boa. Un gran leito de pau, mesa de noite con orinol, alfombra, chaise-longue e dediante mesinha con tapete, dúas cadeiras, unha butaca, dous armarios, un d'íles con espello, mesa d'escribir, gran ventanal mirador, lavabo de tipo antigo. Pedín a cea, e agardei sentado na butaca, soilo no meio do silencio, a gusto no reenchido da butaca e no brande da alfombra, agarimado pol-o lustre vello do moblage, e pol-o fume d'un pito Memphis. Trouxéronme ovos revoltos, pan e manteiga. Era a mesma criadiña linda. Entón, pergunteille os precios da pensión. Eran unha miguíña caros, mais por medo d'andar cos bultos, decidín non me mover d'eiquí. Estaba canso do corpo e do espírito. Deiteime e dormín.

## A MAÑÁ

Chegou o día e erguinme cedo. Laveime, e logo, cómodamente, en bata e zapatillas, chamei pra que me trouxeran o almorzo. Agardeino sentado na butaca, quedo e tranquilo, sentíndome vivir. Trouxéronme bón café, leite, pan e manteiga. Funo tomando repousadamente, demoradamente, gorentando a quentura do café, a garimosa soavidade donda da manteiga, o estralar do pan

nos dentes. Co convencimento de qu'o goze da vida áchase n'estas pequenas cousas, tan vulgares que chegan a ter espírito. Un pedazo en calma n-unha cámara tépeda, n-un asentadoiro mol onde se poida reclinar o lombo, apoiar a testa e descansar os brazos, na dozura longa de non facer nada. Fumei deica o cabo un pito da caixa verde Memphis. Era o derradeiro, e había qu'ir precurar tabaco. Vestínme e saín.

Son ruas do século pasado, mal empedreadas, con boas casas, algunhas antigas antemedias, moitas tendas modestiñas, algunhas com'as de Praga, todo moi comprensíbel e natural e adoitado, e non coma o de Berlín.

Pouca gente. Cheguei deica a eireja de Sta. Sabel, ojival, con mercado arredor de froitas, froles e legumanzas, un mercado de cibdade galega. Pasa o carro elétrico, e hai unha parada d'autobuses vellos e deslucidos. Pol-a outra banda, a parede do jardín e as cúpulas verdosas do Belvedere, onde viveu o Archiduque herdeiro do Imperio, asesinado en Serajevo. Fai matinar o fado cruel d'istes derradeiros Habsburgos, a quen Ruben Dario comparou cos Atridas. Por enriba están as estaciós e o cinturón de Viena, e pol-a parte oposta vaise pr'a cibdade por longas ruas: *Argentinierstrasse* ou *Mommsemstrasse*. Ouservei que eiquí as ruas chámanse case sempre *Gasse* (canella) e raramente *Strasse* (rua, estrada). Esta parte non é fea, mais é tristeira e morta. A eireja estaba pechada. Volví pr'a casa.

## XANTAR

Chamaron a xantar c'unha choca pequena, coma facían outrora n-Ourense na fonda de Cuanda. En calquera pousada de hoxe, terían vergonza de facelo; mais se souperan qu'o fan nada menos qu'en Viena, sen dúbida qu'eran capaces de volveren impôr a moda. Así somos d'absurdos na Galiza do século XX.

Leváronme á *Speisezimmer*. Atopei cinco donas sentadas á mesa, unha d'elas, a das antiparras que me recibira o día antes. Outra era unha vella tamén d'anteollos, afeizoada a ceibar frases en inglés e francés.

Un comedor modestiño e antigo, pero fino e cómodo, con certo estudo dos detalles. Serviron sopa, jamón cocido con puré, e un d'istes biscoitos alemás. Pra beber, auga: unha gran jerra de cristal no meio da mesa, e cada un, un vasíño pequeno. Tamén tiñamos cada un seu saleiríño, e un bolíño pequeno de pan.

Elas falaban todas a un tempo, Pasou tropa pol-a rua, e erguéronse todas pra vela pasar, cheas de gozo. As mulleres son as mesmas en todos lados, e en todoi-os tempos, por moi modernizadas que parezan; e no seu curazón, a competencia co militar é imposíbel. Porque o militar ven ser o repersentante típeco, eixemprare simbólico da masculinidade. Aixíña puiden comprobar de novo iste meu pensamento. Porque, de que se sentaron, seguiron falando. Elas falaban, eu calado. E falaron d'unha parada militar que seica houbera había pouco. As cinco donas a unha e a coro, asentían aos ditos da vella, que se layaba do desaparecemento dos lindos uniformes d'outro tempo. Porque eiquí ven aínda outra consideración: fora da ecuación: marcialidade = masculinidade, acontez que os militares son os únecos que poden competir co-as mulleres no lucimento dos vestidos; un uniforme sempre está cos vestidos de sociedade das mulleres, mais a tono que non o noso frac, tan tristeiro e tan solemne.

Despóis de xantar, as donas fumaron. A rapaza das antiparras trouxo unha caixa con tabaco e papel e púxose a facer pitos. Entón eu perguntei onde podería cambiar diñeiro, e o enderezo do correio pra recoller as cartas que me mandaran. Responderon moi amábeles, dándome toda sorte d'indicaciós.

## DOUS MOIMENTOS

Surtín, fun á Südbahnhof cambear os 50 marcos que me quedaban, pol-os que me deron 89,10 schilling, volví á praza da eireja, e pillei o autobús núm. 7 que, por 30 groschen, levoume á Stephenplatz.

Atravesamos sitios moi fermosos, con moimentos e prazas manífecas, todo un pouco parisién, mais lindo e máis señor qu'en

Berlín. Tamén pasamos por ruas vellas, todas máis ben estreitas que amplias. Nunha gran praza víñ unha cousa que non me gustou, por máis que ten moita sonda: a igrexa de San Calros, co-a súa cúpula e as dúas grandes columnas diante, d'un neoclásicountuoso, pretencioso, irracional, absurdo, feio, sen elegancia, sen gusto, sen ponderación, sen senso, sen pés e sen cabeza. É un momento que dá sensación de valeiro mental, de teatralidade inexpressiva, de falla d'emoión artística e religiosa, de catolicismo oficial de beizos pra fora, incapaz d'extase e de penitencia, de convencionalismo hipócrita, de gusto estragado, de complacenza na pompa sen contido, resume, en fin, cifra e compendio da vana ostentación d'un século. Excusai iste desaforo, que me saíu demasiado retórico e demasiado elocuente; do que é pura retórica, somentes con retórica se pode falar.

Baixei na Stephenplatz, chea de ledó movemento de gente e d'autos con tendas ele-

gantes, e atopeime por fronte da igrexa: a que lo sí qu'era outro cantar.

Un domo oival, todo encaixe de pedra por afora, semellante a ourivesaría d'aquilo tempo, negro todo, de pedra fina de grao miúdo. É a catedral de Viena, a catedral de San Estebo, unha preciosa obra do millor tempo.

Despois de dar arredor unha volta demorada, naturalmente, entrei. E novas maravillas: tres naos d'igual outura, con voutas de nervaduras complicadas, sen frorós nos cruces, coro sobre fermosa vouta do mesmo geito, antepelto calado, estupendo púlpito oival decadente, gran ousa da capela mór con coro, e outros catro con longas vidreiras de coores, lápidas sepulcras con inscricións latinas e alemás, escudos, Cristos devotos, táboas medievás e trípticos, altares barrocos, grandes candieiros dourados, arte, luxo, limpeza, devoción.

(Continuarase).



## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### LIBROS

BEBEDEIRA, Delgado Gurriarán, Florencio. NÓS, vol. LX. Santiago

**H**ABERÁ que estudar, na nosa vixente poesía, unha escola ourensana. Ela vaíse definindo con limpo perfil. O seu precursor é un poeta pontevedrés: Amado Carballo. Todo aquilo senso vivinte da natureza, aquilo animismo poético, tan estremado, do autor de *O Galo*, está presente n-ista escola ourensana. Escola coorista, sonora, carregada de zume aldeán. Xa son moitos os seus afiliados. As características apuntadas danse en

Augusto María Casas, en Euxenio Montes, en Eduardo Blanco Amor, en Manoel Lois Acuña, en Florencio Delgado Gurriarán. Afnda que o influxo directo de Amado Carballo, patente na obra de todos, como na de Xulio Sigüenza, Emilio Mosteiro e Rafael Pazos Jiménez, está superado en algúns, orientados hoxe por mellores ou outros camiños. Dos máis fieles ao que foi estilo de Amado, aos motivos, aos xeitos, é o autor de BEBEDEIRA, libro, non embargantes, persoal. Iste versos cheios de risos vendimaes, de obsesión pánica, versos de un Anacreonte ou un Teócrito galego, opulentos e sensuaes, pictóricos, como un Rubens ou un Ticiano ribeirán, están escritos n-unha lingua enxebre e ricaz, que deita un zume mesto e ledó como os acios do Barco

de Valdeorras. Como os acios que arrecadan as sanas e fortes mozas do potente de-seño da portada.

R. C. C.

EL ECO DE UN REGICIDIO, por Armand Cotarelo Valledor; de «Anales de la Universidad de Madrid» tomo I, fasc. 1 (Letras) 1934

O A. recolle eiqüí curiosas notizas tocantes ás preces, rogativas e festas que se fixeron nas cibdades galegas co gallo do atentado do Cura Merino contra a Raina Isabel II, en 1852, collidas da colección que possee de *El Eco de Galicia*, jornal que se publicaba en Santiago, dirigido por Neira de Mosquera e imprentado por Rey Romero. Constitúe unha boa evocación da vida galega d'aquél tempo por fala da prensa, sociedades, costumes, teatro, etc. Publica ademais anacos d'artigos, e curiosas poesías casteláns e galegas de Domingo e Alberte Camino, Turnes del Río, D. José Trevijano, un descoñecido, cuíñas iniciás coinciden coas do despois coñecido republicano Perez Costales, Sergio Valladares (irmán de Marcial Valladares), D. Celestino de la Peña, outro J. M. P. M., posiblemente o impresor d'Ourense Johan Maria de Pazos, e notiza d'outros periódicos, coma *El Coruñaés*, e *El Faro Marítimo* de Ferrol. En todo elo fan gala os poetas e periodistas d'un grande entusiasmo monárquico e patriótico, que nalgúns non durou moitos anos. É iste traballo unha boa aportación pra a historia do noso século XIX.

MODELOS VIVOS DE LA FELIZMENTE ACABADA AVENTURA DE LOS LEONES (papeletas cervantinas), por Joaquín Arias Sanjurjo Parodiñas, Santiago 1934

PROPONSE n-esta papeleta o A., que é un eruditismo cervantista, do que o primeiro traballo exegético en col do «Quijote» publicouse en NOS, probar que o modelo vivo da aventura de Don Quixote cos leóns, foi a ocurrida a D. Juan de Austria no Alcázar de Tunes, en 1573, c'un león amansado que había no xardín, asegúñ refire o cabaleiro Don Luis Zapata de Calatayud nas súas «Misceláneas»; texto copiado polo P. Coloma en «Jeromín». Próbao co-a biografía de Cervantes por Navarrete, que di que Cervantes estivo en 1573 en Tunes con Don Juan de Austria. É a teoría do A. que o «Quijote» está cheo d'alusións a persoas e feitos contemporáneos, que compre pór en

craro. E promete, tendo tempo, escribir outras sobre a ascendencia galega de Cervantes, a dos Cortinas, dos Quixadas, o persoa-ge que sirveu de modelo pra Don Quixote, a aventura do corpo morto, etc.

LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO, por C. Perez Bustamante y S. González García Paz, Santiago 1934.

PUBLICACIÓN do Instituto de Estudos Regionais da Universidade Compostelá. Este libro contén en resumo a historia da Universidade Compostelá e dos colegios co ela relacionados, dand'o Estudo Vello de Lope de Marzosa deica os nosos días, con especial consideración da vida interior do Centro, dos Mestres, provisión de cadeiras, categorías; dos estudantes, ensames, grados, cerimoniais, vida e vestimenta escolar, batallón literario, etc. Estuda logo a Biblioteca Universitaria, a súa historia e os seus diversos fondos; o patrimonio da Universidade e as súas vicisitudes; a Residencia d'Estudantes; os edificios actúas da Universidade e a súa historia; os plans d'estudos actúas; serie cronolóxica dos Rectores dende 1501 a 1934; abondosa bibliografía, e 25 láminas con representacións dos edificios universitarios e súas dependenzas, códigos da biblioteca, documentos, etc. É un utilísimo resumo, verdadeira guía da Universidade Compostelá, actual e histórica, feito con primor e coitado.

## REVISTAS

BROTÊRIA, Lisboa, abril 1934.

SUMARIO: Riba Leça, Esterilização e eugenismo. A. Rocha, Escola única e co-educação dos sexos. J. da Costa Lima, Revolução necessária. Luis Gonzaga de Azevedo, Côrtes de Guimarães. E. Lombart, Direito canonico. Com o sangue dos Lagradores. Serafim Leite, Um Centenario Célebre. Notas e factos. Revista de Revistas. Bibliografía. Obras recibidas.

Id. maio 1934.

SUMARIO: Paulo Durão, Acção Católica e Acção Religiosa. Mariano Pinho, No Estado Novo. Riba Leça, Esterilização, não; eugenismo, sim. A. Rocha, Educação Sexual. Artur Varela Cid, Emprol do vô-sem motor português. Luis Chaves, Forma de

quadra corográfica urbana, mui comum em Portugal. Revista de Revistas. Bibliografia. Obras recebidas.

Id. Julho 1934

**SUMARIO:** A. Rocha, O analfabetismo em Portugal. Francisco Rodrigues; O capelão-mór D. Jorge de Ataíde e a Companhia de Jesus. Eugénio Jalhay, A adaga da Quinta da Romeira. Domingos Mauricio, O Infante Santo Cardial. Armando Mattos, Notas heráldicas. Notas e factos. Revista de Revistas. Bibliografia. Obras recebidas.

REVISTA DE GUIMARAES, Janeiro-Março, 1934

**SUMARIO:** Cartas de Martins Sarmento ao Padre Martins Capela. Pedro Vitorino, Museus, Galerias e Coleções. A. Tibúrcio de Vasconcelos, Coleção de estampas e índice de gravadores. Augusto César Pires de Lima, Autobiografia de um monge de S. Bento. A. L. de Carvalho, A minha terra. Rosas da Silva, Conta de vidro policromo encontrada no Castro de Sabroso. Alberto V. Braga, Curiosidades de Guimarães. Ecos do Centenario Sarmentino. Boletim.

PORTVCALE, Janeiro-Abril, 1934

**SUMARIO:** Vozes de animais e relações fónicas do homem com eles, J. Leite de Vasconcelos. Sobre um livro do Visconde de Vila Moura, Carlos Parreira. Estudo do nu, carvão de J. Vitorino Ribeiro. A propósito das contas vitreas policromas, F. Alves Pereira. O Livro V das «Ordenações», Augusto César Pires de Lima. Curiosa estampa alegórica, gravura da época de don João V. Ronda da neve, Luis Guedes. Anthology of mexican poets, Severo Portela. Da minha terra, A. L. de Carvalho. Inéditos e autógrafos. Varia. In Memoriam: Henrique Lopes de Mendonça. Bibliografia. Novidades. Res et verba.

O INSTITUTO, Vol. 87, 4.<sup>a</sup> Serie, vol. 16, núm. 3

**SUMARIO:** Civitas Aeminiensis, A. Amorim Girão. Breve noticia sobre o medico português Isaac de Sequeira Samuda, Augusto d'Esaguy Amieira (do antigo Priorado do Crato), Tude Martins de Sousa e Francisco Vieira Rasquilho. A mutualidade em Portu-

gal, Domingos da Cruz. Siderostatos, Hebstatos, Celostatos, F. de P. Leite Pinto. Tratamento medido da úlcera gastro-duodenal, Mario Simões Trincão.

Id. Vol. 87, 4.<sup>a</sup> Serie, vol. 16, n. 4

**SUMARIO:** Dois heróis do reinado de Don Afonso V, por João Jardim de Vilhena. Toponímia de Coimbra e arredores, por Amadeu Ferraz de Carvalho. S. Francisco de Xavier e o Oriente português, por Antonio de Matos Cid. Os sinais de Galvão, por Martinz de Aguiar.

REVISTA DE CULTURA, Rio de Janeiro, março, 1934

**SUMARIO:** Centenario de Anchieta, P. Thomas Fontes. Epilogo do «Evangelho nas selvas», Fagundes Varela. O Dr. Pedro Severiano, Carlos de Laet. Discurso de Paranypho, Prof. Lourenço Rodrigues. O Assalto, Desembarg, José de Mesquita. Subsídios para o estudo da analogia em português, Dr. R. de Sá Nogueira. O bispo de Olinda perante a história, Antonio Manuel dos Reis. Bibliographia.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, tomo XV, cuaderno IV, 1934

**SUMARIO:** Les relacions del Principat de Catalunya i els regnes de Valencia i Mallorca amb Anglaterra i el paral·lisme monetari d'aquests països durant els segles XIII, XIV i XV, F. Maten i Llopis. El «Libre de Privilegis de Cati», Joan Puig. Iniciació a la Historia del Dret Valencià, Joan Beneyto. Juan de Bonella fué colaborador de Bartolomé Bermejo?, A. Sanchez Gozalbo. Sobre la teoria del Color de Guillermo Ostwald, F. Perez Dolz. El Doctor José M.<sup>a</sup> Plans y Freire. Refrains i modismes valencians, J. M. Borrás Jarque. Notas bibliograficas.

SEARA NOVA, Lisboa

**SINALAREMOS:** Os estudos de Sant'Anna Dionísio en col da evoluçión do esprito d'Antero de Quental. A critica literaria de Verney, por Hernani Cidade (comenza no n.º 196). Regressos, «Santiago de Compostella», por M. Teixeira Gomes (n.º 198).

Imprenta NÓS, Rua do Vilar 15, Santiago.

Os pobos  
somentes son  
grandes pol-a  
cultura.



Mercade  
Libros  
Galegos.

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
**Santiago de Galicia**



Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

**Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.**

Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequiera as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO